



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda con motivo da aprobación dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o exercicio 2017 (expte. 38/142).

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2017, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na LOEPSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

Informe:

Primero.- Normativa de aplicación.

• **Normativa comunitaria.**

- Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) non 2223/96 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010.

• **Normativa nacional.**

- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEP).
- Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/11/2016 11:08

Páxina 1 de 12

Expediente 38/142

Código de verificación: 24E84-BA8CA-B43A4-255DA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



- Real decreto lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
 - Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.
 - Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas.
 - Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
 - Orde ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM), modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- **Manuales ou guías de aplicación elaboradas polo MINHAP / IGAE:**
 - Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
 - Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
 - Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o recheo da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
 - Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

Segundo.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEP establece que as Corporacións Locais deberán manter unha **posición de equilibrio ou superávit orzamentario**.

Pola súa banda, o art. 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus **orzamentos consolidados** axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

A estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 10 de xullo de 2015, acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e para cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018, de conformidade cos termos previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades Locais os seguintes obxectivos:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 11:08	Páxina 2 de 12
Expediente 38/142	Código de verificación: 24E84-BA8CA-B43A4-255DA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Obxectivos (en porcentaxe do PIB)	2016	2017	2018
Obxectivo de estabilidade orzamentaria: Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiación	0,0%	0,0%	0,0%
Obxectivo de débeda pública	3,4%	3,2%	3,1%
Límite incremento gasto computable (regra de gasto)	1,8%	2,2%	2,6%

En definitiva, no que se refire ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, durante o período 2016-2018 as entidades locais non poderán incorrer nunha situación de necesidade de financiamento, polo que a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar un valor cero ou positivo.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións públicas da Contabilidade nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen no apartado quinto do presente informe.

Terceiro.- Ámbito de aplicación subxectivo.

Segundo o SEC95 e o Manual, serán administracións públicas en contabilidade nacional aquelas unidades públicas que teñan como función principal redistribuír renda e riqueza ou ben, que sexan “produtores non de mercado” (isto é, que ofrezan aos cidadáns bens e servizos a título gratuíto ou semigratuíto).

Neste senso, segundo o art. 2.1 da LOEP constitúen a Administración Local Concello de Vigo, atendendo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e para os efectos de suxeición ao disposto nas normas da citada Lei, os axentes Entidade Local Concello de Vigo e o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Cuarto.- Tramitación.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O interventor local detallará non seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 ao 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Quinto.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 11:08	Páxina 3 de 12
Expediente 38/142	Código de verificación: 24E84-BA8CA-B43A4-255DA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Segundo o Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais publicado pola IGAE, o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Estados consolidados:

CAPÍTULO	INGRESOS	IMPORTE
1	Impostos Directos	105.386.182,34
2	Impostos Indirectos	7.871.804,00
3	Taxas e outros Ingresos	38.326.169,63
4	Transferencias Correntes	76.081.437,56
5	Ingresos Patrimoniais	2.178.000,00
A	Total Ingresos Corrientes	229.843.593,53
6	Enaxenación Inversións Reais	2.500.000,00
7	Transferencias de Capital	80.000,00
B	Total Ingresos por Operaciones de Capital non Financeiras	2.580.000,00
I = A + B	Total Ingresos por Operaciones non Financeiras	232.423.593,53

CAPÍTULO	GASTOS	IMPORTE
1	Gastos de persoal	68.531.459,73
2	Gastos en bens ctes. e servizos	119.645.166,67
3	Gastos financeiros	7.030,00
4	Transferencias correntes	27.061.579,13
5	Fondo de continxencia	600.000,00
C	Total Gastos Correntes	215.845.235,53
6	Inversións Reais	16.221.498,00
7	Transferencias de Capital	355.000,00
D	Total Gastos por Operacións de Capital non Financeiras	16.576.498,00
II = C + D	Total Gastos por Operaciones non Financeiras	232.421.733,53
I - II	Resultado das Operacións non Financeiras	1.860,00





Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional.

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.

- **Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).**

Como consecuencia da aprobación do Regulamento (CE) Nº 2.516/2000, en contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados ou directamente relacionados con eles e con efecto no déficit público, é o de caixa.

Polo tanto, a efectos da elaboración das contas de contabilidade nacional, as rúbricas de impostos rexístranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Este tratamento aplícase aos ingresos contabilizados nos Capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos da Corporación Local, de modo que se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuirá o déficit en contabilidade nacional.

Como os importes consignados no proxecto de orzamento nos capítulos 1, 2 e 3 aproxímanse aos importes que se espera recadar efectivamente, tanto do exercicio corrente como dos exercicios pechados, **non será necesario practicar ningún axuste** na capacidade ou necesidade de financiamento por este motivo. A estes efectos compre lembrar que a recadación total conxunta nos capítulos 1, 2 e 3 foi superior ás previsións iniciais consignadas nos orzamentos iniciais dos anos 2015 (+3,37%), 2014 (+1,65%) e 2013 (+0,05%).

- **Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.**

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, debe realizarse un axuste polo importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2017 (+)	543.137,28
Devolución liquidación PIE 2009 en 2017 (+)	2.110.929,24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 11:08	Páxina 5 de 12
Expediente 38/142	Código de verificación: 24E84-BA8CA-B43A4-255DA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Total	2.654.066,52
-------	--------------

Polo tanto, haberá que practicar un axuste positivo (menor déficit) por importe de 2.654.066,52 euros.

Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento:

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade de financiamento.

CONCEPTOS	IMPORTES
Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente	232.423.593,53
Total Gastos capítulos I a VII orzamento corrente	232.421.733,53
a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	1.860,00
AXUSTES	
Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	0,00
Axuste por devolución no 2017 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009	2.654.066,52
b) TOTAL AXUSTES	2.654.066,52
c) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN (a + b)	2.655.926,52

Sexto.- Sustentabilidade financeira.

a) Cumprimento do límite de débeda.

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,2% do PIB para o exercicio 2017.

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:

“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado."

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

Tendo en conta que nin o Concello de Vigo nin a XMU manteñen operacións de crédito con capitais pendentes de reembolso, nin risco algún deducido de avais, e que non proxectan concertar ao longo do exercicio 2017 operación de endebedamento algunha, o volume de débeda viva é de 0,00 euros polo que o coeficiente de endebedamento é do 0%.

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo durante 2017, de considerar esta opción.

b) Débeda comercial. Período medio de pago.

A modificación da LOEPSF pola Lei orgánica 9/2013 supón a introdución dunha nova regra fiscal de obrigado cumprimento para as administracións públicas por aplicación do principio de sustentabilidade financeira que se reformula incluíndo neste, ademais da débeda financeira, a débeda comercial cuxo pago se ha de verificar a través do indicador Período Medio de Pago (PMP).

Este novo parámetro constitúe un indicador económico cuxo cálculo foi desenvolvido polo Real decreto 635/2014, do 25 de xullo. O período medio de pago definido neste real decreto mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Esta medición con criterios estritamente económicos pode tomar valor negativo se a Administración paga antes de que transcorresen trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.

Deste xeito, o PMP do Concello de Vigo e da XMU durante o exercicio 2016, calculado segundo a metodoloxía do citado Real Decreto, foi o seguinte:

Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Ent. Local	-3,44	-10,48	-8,55	-9,14	-9,44	-7,53	-7,11	-5,03	-10,78
XMU	-14,88	-11,45	-21,24	-15,93	-16,51	-16,77	-13,88	-9,88	-12,60





PMP global	-3,35	-9,99	-7,85	-8,23	-9,25	-7,56	-7,03	-4,84	-10,36
------------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	--------

Pode observarse como tanto o PMP da entidade local, como o da XMU foi negativo durante todo o exercicio 2016.

Sétimo.- Cumprimento da Regra de Gasto.

a) Introducción.

Ainda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, resulta aconsellable facer una avaliación nestre intre dado que constitúe unha regra fiscal de obrigado cumprimento no momento da liquidación do orzamento.

O art. 12 da LOEP incorpora a regra de gasto, en virtude da cal a variación do gasto computable das Administracións Públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, cuxo cálculo corresponde ao Ministerio, e que será a referencia para ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Como vimos, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto quedou establecida no 1,8% para o exercicio 2016 e no 2,2% para o exercicio 2017.

A efectos de dar cumprimento ao disposto no citado precepto, pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) publicouse unha "Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais", 3ª edición (novembro 2014), segundo a cal a taxa de variación do gasto computable dun exercicio calcúlase de acordo coa seguinte fórmula:

$$T.V. \text{ Gasto computable (\%)} = ((\text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100$$

b) Cálculo do gasto computable:

Para as entidades sometidas a Presuposto limitativo/contabilidade pública, o Gasto computable calcúlase como:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 11:08	Páxina 8 de 12
Expediente 38/142	Código de verificación: 24E84-BA8CA-B43A4-255DA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



(+)	Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda: Do Capítulo 3 (gastos financeiros) unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceitos (301, 311, 321, 331 y 357)
(+/-)	Axustes según o SEC.
(-)	Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.
(-)	A parte de gasto non financeiro do Presuposto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.
(=)	Gasto computable exercicio

Sobre o importe resultante aplicarase a taxa de referencia de crecemento do PIB que fixa o Goberno (1,8% e 2,2%).

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

O cálculo do gasto computable do ano n-1 realizarase a partir da liquidación do Orzamento do devandito exercicio. No presente suposto consideramos os datos da última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2015.

GASTO COMPUTABLE		
CONCEPTO	CONCELLO	XMU
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	230.088.646,00	9.482.000,00
(Intereses débeda)	0,00	0,00
Empregos non financeiros excepto intereses débeda	230.088.646,00	9.482.000,00
AXUSTES según o SEC		
(-) Enaxenación inversións reais	0,00	(2.500.000,00)
(+/-) Inversións realizadas por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Aportacións de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto	0,00	0,00
(+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555	0,00	0,00
(+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Privadas	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamiento financeiro	0,00	0,00





(+) Préstamos	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012	0,00	0,00
(+/-) Ajuste por grado de execución do gasto	(11.943.065,52)	0,00
Total axustes SEC	(11.943.065,52)	(2.500.000,00)
Total Empleos no financeiros SEC 95 excepto intereses deuda	218.145.580,48	6.982.000,00
(-) Gastos por transferencias internas	(5.823.400,00)	(1.325.512,47)
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	(5.090.545,44)	0,00
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiación	(1.676.340,71)	0,00
Total de Gasto computable del ejercicio	205.555.294,33	5.656.487,53
(+/-) Incrementos/disminuciones de recaudación por cambios normativos	0,00	0,00

Axuste por grado de execución do gasto.

Como consecuencia de que a execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento, cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial realizárase un “axuste por grao de execución do gasto” que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros, reducindo aqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario, e aumentando aqueles cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente. Este axuste unicamente realizárase sobre os gastos correntes incluídos nos capítulos 1, 2 e 4, dado que os gastos de capital presentan unha execución irregular.

Para o cálculo deste axuste tomárase en consideración a media aritmética dos datos de execución orzamentaria (obligacións recoñecidas netas ORN) correspondentes aos cinco últimos exercicios liquidados a nivel consolidado (fonte de información: Servizo de contabilidade).

% Execución Estado de Gastos Consolidado									
Capítulo	2011	2012	2013	2014	2015	Media	Inexecución	Importe capítulo	Axuste
I	95,1	91,6	96,6	97,1	94	94,87	5,13	68.531.459,73	3.515.663,88
II	95,7	94,8	96,1	95,3	93,1	94,97	5,03	119.645.166,67	6.020.544,79
IV	85,2	88,1	94,3	93,9	94,1	91,11	8,89	27.061.579,13	2.406.856,85
									11.943.065,52





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Subvencións finalistas.

Concepto	Institución/CONCEPTO	Importe
45002	Xunta de Galicia/ Plan Concertado, SAF	2.125.000,00
45003	Xunta de Galicia/Cedro	530.000,00
45006	Xunta de Galicia/Libre concorrencia, SAF	115.000,00
42091	Administración Central/Sub. Transporte urbano colectivo	1.148.746,19
46700	Transferencia Consorcio CV. Personal adscrito	36.799,25
46100	Subvención Deputación plan de promoción turística	233.000,00
46101	Subvención Deputación programa de asfaltado	902.000,00
TOTAL		5.090.545,44

Transferencias de financiación a outras Administracións Públicas.

Aplicación	Institución	Importe
1650.4890000	FUNDACIÓN FAIMEVI	37.003,51
3231.4890000	UNED	115.000,00
3330.4890003	FUNDACIÓN MARCO	605.000,00
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	40.000,00
3330.4890000	FUNDACIÓN LISTE	90.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	135.000,00
9420.4630000	MANCOMUNIDADE DE VIGO (MAIV)	264.588,20
9430.4640000	ÁREA METROPOLITANA	100,00
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE Bembrive	274.515,11
TOTAL		1.676.340,71

c) Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

La regla de gasto debe cumplirse para o gasto da Corporación Local unha vez consolidadas e eliminadas as transferencias entre as unidades que a integran e que se inclúen no artigo 2.1 c) da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria.

Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto	Gasto





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

	Gasto computable Liquid. 2015 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos (3)	Límite Regla de Gasto (4)=(2)+(3)	computable pto. 2017 (5)
Concello de Vigo	190.043.380,93	197.720.373,35	1.177.250,00	198.897.623,35	205.555.294,33
Vigozoo	1.366.446,39	1.421.645,36	0,00	1.421.645,36	0,00
EMAO	1.140.353,83	1.186.419,56	0,00	1.186.419,56	0,00
IMD	7.357.876,75	7.655.105,54	0,00	7.655.105,54	0,00
Xerencia Urbanismo	5.020.316,26	5.223.116,96	0,00	5.223.116,96	5.656.487,53
Total Gasto computable exercicio	204.928.374,16	213.206.660,76	1.177.250,00	214.383.910,76	211.211.781,86

TRCPIB (2016,2017) = 1,8%, 2,2%	
Diferencia entre el límite de la Regla de Gasto y el Gasto computable (5)-(4)	3.172.128,90

Polo anteriormente exposto, o funcionario que subscribe entende que o proxecto de Orzamento do ano 2017 cumpre o obxectivo de Regra de Gasto xa que o gasto computable do exercicio 2017 e inferior ao límite da regra de gasto.

Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o nivel de débeda.

O proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo e o organismo autónomo Xerencia de Urbanismo do exercicio 2017:

- ✓ Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, arroxando una capacidade de financiamento de 2.655.926,52 €.
- ✓ Cumpre co límite de débeda, non tendo débeda viva pendente de reembolso nin risco deducido de avais, polo que o coeficiente legal de endebedamento é do 0,00%.
- ✓ O seu periodo medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores, tomando incluso valor negativo durante todo o exercicio 2016, o que significa que o Concello de Vigo paga antes de que transcorresen trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.

En Vigo a 07 de novembro de 2016
O Interventor Xeral,
Asdo. Alberto Escariz Couso



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 11:08	Páxina 12 de 12
Expediente 38/142	Código de verificación: 24E84-BA8CA-B43A4-255DA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		